

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN

MAR SEGURO DE GALICIA



CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN MAR SEGURO DE GALICIA EN XERAL

Artigo 1º.- Constitución e Denominación

A ASOCIACIÓN MAR SEGURO DE GALICIA constitúese como Asociación, ao amparo del Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo.

A Asociación Mar Seguro de Galicia é unha entidades en ánimo de lucro, con duración indefinida e se configura como entidade legal, voluntaria e independente, dentro do marco constitucional, así como do resto de ordenamento xurídico vixente, sendo independente de calquera outro grupo asociativo, político sindical, empresarial, relixioso, etc.

A Asociación Mar Seguro de Galicia rexerase polos seus propios estatutos e polas normas específicas que lle sexan de aplicación.

Artigo 2º.- Do ámbito Territorial

O ámbito territorial de Asociación Mar seguro de Galicia, comprende a Comunidade Autónoma de Galicia


Artigo 3º.- Do enderezo

A Asociación Mar seguro de Galicia ten o seu domicilio social en Soutomaior, (Pontevedra), na rúa Peirao nº 32, no porto de Arcade. C.P: 36690. Podendo a Asemblea Xeral acordar o cambio de domicilio.

Artigo 4º.- Do prazo de duración

A Asociación Mar seguro de Galicia constitúese por tempo indefinido e só se disolverá conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral, ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación Mar seguro de Galicia rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico



Firma Secretario/a

Firma Presidente/a




Artigo 5º.- Das Funcións e dos Fins da Asociación Mar Seguro de Galicia.


As funcións da Asociación Mar Seguro de Galicia son:

- a) Promover unha cultura preventiva nos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo en Galicia.
- b) Facilitar a cultura en protección ambiental e de calidade do traballo, nos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo de Galicia. Fomentar unha pesca sostible desde o punto de vista medioambiental, eficiente, innovadora e competitiva.
- c) Promover a formación integral dos traballadores dos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo de Galicia
- d) Realizar e emitir informes de datos estatísticos relacionados coas boas prácticas profesionais dos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo de Galicia
- e) Participar como interlocutor válido en materia preventiva das empresas e persoas asociadas diante das Administracións competentes.
- f) Realizar e publicar manuais, folletos e carteis que teñan como misión a difusión de boas prácticas profesionais nos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo de Galicia, facendo fincapé nas materias de calidade, ambiente e seguridade laboral.
- g) Desenvolver e cumprir as misión que puideran serlle encomendadas polas Federacións Autonómicas ou Provinciais de Pescadores de Galicia ou calquera socio, sempre que estean englobadas dentro dos fins da Asociación.
- h) Cumprir e facer cumprir os presentes estatutos, ademais de calquera regulamento de réxime interno que aprobe a Xunta Directiva.
- i) Patrocinar e crear, de acordo coas disposicións legais, Órganos, Servizos e Comisións que procuren a mellora na prevención de riscos laborais, do ambiente ou da calidade nos sectores da pesca, acuicultura e marisqueo de Galicia.
- j) Asesorar a requirimento de calquera socio, en materia de prevención de riscos laborais, ambiente, calidade.
- k) Asesorar a requirimento de calquera socio, da Ley Orgánica de Protección de Datos Personais e da garantía dos dereitos dixitais, LOPD
- l) Axudar o fomento e promoción do ambiente mariño e costeiro, así como do patrimonio cultural marítimo - pesqueiro de Galicia.
- m) Fomentar o benestar social e o patrimonio cultural das zonas pesqueiras, aumentar a implicación e sensibilización da poboación

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



sobre a importancia do patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo das zonas.

- n) Promover e fomentar a igualdade de oportunidades no acceso, permanencia e promoción do sector pesqueiro, impulsar unha sociedade mais igualitaria e integradora en canto a igualdade de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou da mocidade.
- o) Promover e fomentar a competitividade do sector pesqueiro, a creación de emprego e o apoio a empregabilidade e mobilidade laboral das zonas costeiras, así como atracción da mocidade a novas saídas laborais dentro do sector pesqueiro.
- p) Desenvolver procesos de investigación, formación, reflexión e transferencia do coñecemento no sector pesqueiro, que favoreza a súa especialización e contribuír a súa profesionalización.
- q) Promoción, defensa e estudo do recoñecemento profesional dos oficios e ocupacións vinculados o sector pesqueiro da baixura.
- r) Promover o asociacionismo e a capacidades de reflexión do sector, que axuden a conseguir un maior empoderamento do sector.
- s) Fomentar a cooperación entre entidades e organismos para reforzar a sinerxia que axuden a incrementar e mellorar o desenvolvemento nas zonas pesqueiras e do sector, así como actuar como participante e colaborador válido entre entidades.


Artigo 6º. A consecución dos Fins da Asociación Mar Seguro de Galicia

Para a consecución dos devanditos fins, a Asociación Mar Seguro de Galicia, goza de plena personalidade xurídica e autonomía funcional e económica, e en consecuencia poderá adquirir, posuír, gravar e transmitir toda clase de bens, realizar actos de disposición e comparecer ou exercer accións ante calquera Autoridade, Organismo ou Xurisdición, conforme ás normas legais e acordos dos Órganos de Goberno competente, todo isto no ámbito da súa xurisdición territorial que ben sendo a autonomía de Galicia.


Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

A Asociación Mar Seguro de Galicia responderá con todos os seus bens das débedas contraídas, non podendo facerse extensivas aos seus socios responsabilidades que non teñan contraídas expresamente.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



CAPITULO II

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN MAR SEGURO DE GALICIA

Artigo 7º.- Dos Órganos Reitores

A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral

Artigo 8º.- Da presidencia da Asociación Mar Seguro de Galicia

O/A Presidente/a da Asociación será elixido pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará catro anos.

O/A Presidente/a da Asociación exerce a súa representación e preside os seus órganos colexiados, participando nas súas reunión con vos e voto, o cal será de calidade en caso de empate. Correspóndelle velar polo cumprimento dos acordos adoptados e as súas función virán determinadas nos presentes estatutos.

A Xunta Directiva, ou a proposta da maioría mais un dos socios en asemblea extraordinaria poderase designar o posto de Presidente/a de Honra.

O/A Presidente/a de Honra exercerá a representación institucional da entidade asociativa en todos aqueles actos para os que sexa requirido polo Presidente/a ou para os que fose comisionado pola Asemblea Xeral. Así mesmo, poderá presidir as reunións da Xunta Directiva, con voz, pero sen voto; e a Asemblea Xeral, con voz, pero sen voto, salvo que fose socio.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Artigo 9º.- Das función do Presidente/a da Asociación Mar Seguro de Galicia:

Ao Presidente/a correspóndelle as función de alta dirección e xestión, a Presidencia dos Órganos de Goberno e a Vixilancia da execución dos seus acordos, así como a representación legal da Asociación. Terá atribuída as funcións de ordenación e coordinación nas relación deste cos asociados.

Estará dotado especificamente das seguintes facultades:


- a) Exercer a dirección e xestión da Asociación e dos seus servizos sen prexuízo da competencia dos órganos colexiados.
- b) Representar a Asociación en calquera clase de actos ou contratos con terceiros, e outorgar poderes previo acordo da Directiva.
- c) Velar polo control da legalidade, asegurando o estricto cumprimento dos Estatutos e demais disposicións legais en vigor.
- d) Convocar, presidir, suspender e levantar as reunión dos Órganos de Goberno da Asociación e dirixir as deliberacións, decidindo os empates con voto de calidade.
- e) Preparar os Orzamentos da Asociación e desenvolver a xestión económica conforme a eles, acordar os gastos cuxa autorización non corresponda a outros Órganos, ordenar pagos e render contas das operacións efectuadas en cada exercicio na forma que establezan as normas regulamentarias.
- f) Convocar á Asemblea Xeral de forma ordinaria e de forma extraordinaria cando así o determine.
- g) Sen prexuízo da súa responsabilidade persoal, poderá delegar por escrito facultades concretas e determinadas no apartado do Vicepresidente/a.
- h) O Presidente/a da Asociación poderá percibir a gratificación que en concepto de gastos de representación lle sinale a Directiva.
- i) Contratar o cadro de persoal para desempeñar os traballos que dispoña a Xunta Directiva e Asemblea Xeral.

Artigo 10º.- Da Xunta Directiva


A Xunta Directiva e o Órgano de xestión e administración da Asociación Mar Seguro de Galicia. Estará composto por nove membros:

- a) O/A Presidente/a da Asociación
- b) Os/As dous Vicepresidentes/ as de 1º e 2º
- c) Tesoureiro/a

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



- d) Secretario/a
- e) Catro Vogais

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo de dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa Asociación.

A Asemblea Xeral, de entre todos os socios, por votación libre e secreta en proceso electoral, elixirá os 9 membros da Xunta Directiva, que serán os socios máis votados.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola Asociación.

A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos de Xunta Directiva. A súa duración será por un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos
- d) Proposto pola Xunta Directiva e adoptado por maioría simple en Asemblea Xeral.
- e) Perda da condición de Asociado.


A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de Presidente/a, Secretario e Tesoureiro/a.


Artigo 11º.- Das funcións da Xunta Directiva:

As funcións da Xunta Directiva como Órgano de Xestión e Administración son as seguintes:

Firma Secretario/a




Firma Presidente/a




- a) Realizar e dirixir as actividades necesarias par o exercicio e desenvolvemento das facultades recoñecidas da Asociación Mar Seguro de Galicia.
- b) Propor á Asemblea Xeral os programas de actuación e xestión corporativa, e realizar e dirixir os xa aprobados, dando conta do seu cumprimento.
- c) Tomar acordos en materia de ordenación de cobros e pagos, e inspeccionar a contabilidade xeral e auxiliar.
- d) Aprobar toda clase de proxectos, de orzamento e as súas liquidacións.
- e) Elaborar a Memoria de Actividades anuais e os Orzamentos Anuais.
- f) Propor á Asemblea Xeral modificacións dos estatutos.
- g) En casos de urxencia xustificada ou en virtude de Delegación concedida, a Directiva poderá adoptar acordos da competencia da Asemblea Xeral, dando conta a esta na próxima sesión que se celebre.
- h) Poderá convocar a Asemblea Xeral de forma extraordinaria por acordo do 33% do seus membros.
- i) Designar grupos de traballo e asesores para asuntos concretos.
- j) Propor á Asemblea Xeral aprobación de novos socios.
- k) Propor á Asemblea Xeral a expulsión de asociados por causas motivadas.
- l) Propor á Asemblea Xeral a fixación de coutas ordinarias e extraordinarias dos socios.
- m) Propor á Asemblea Xeral a fusión ou unión con outras Organizacións ou Asociacións do sector.
- n) Decidir e actuar en materia de cobros, ordenación de pagos e expedición de libramentos, abrir contas e pechalas, licitar e conceder créditos, préstamos, e demais garantías en xeral, calquera acción e operación usual no tráfico mercantil, que sexa necesaria para o desenrolo económico da Asociación.
- o) Efectuar o nombramento do persoal que se encargue do funcionamento interno da Asociación, fixar as súas retribucións, modificalos e cumprir as demais funcións relativas o persoal, ben en relación laboral, ben na asistencia técnica ou de arrendamento de servizos.
- p) Interpor toda clase de recursos e accións ante calquera Organismo, Xurisdición, Autoridade, etc.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



- q) Ostentar a representación da Asociación en todas as instancias, e ante todo tipo de persoas físicas, Xurídicas, Organismos ou autoridades.
- r) Velar polo cumprimento das normas Estatutarias.

Artigo 12º.- Convocatoria da Xunta Directiva e toma de acordos:

A Xunta Directiva será convocada polo Presidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos representados, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros, e en todo caso, do Presidente/a ou Vicepresidente/a e o secretario ou persoa que o substitúa. As votación serán a man alzada, se non existe petición expresa por parte de algún membro da Xunta Directiva que nese caso farase con voto secreto en furna.

O secretario ou, no defecto, o vogal que o substitúa, levantará acta das sesión, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 13º.- Creación de Comisións

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisión que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as información necesarias. Formarán parte das devanditas comisión o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes/as.


Artigo 14º.- A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes desta. O Presidente/a e o Secretario da asemblea serán o Presidente/a e o Secretario da Xunta Directiva.


A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, sendo convocada por Presidente/a.

Poderase convocar con carácter extraordinario cantas veces sexan necesarias, por acordo do 33% da Xunta Directiva ou a solicitude do

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Presidente/a, así como por solicitude asinada polo 60% dos socios por representación e dos socios de número.

Artigo 15º.- Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria:

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente no período que vai dende o mes de xaneiro ata o de xuño.

A Asemblea Ordinaria será convocada por electrónica ou por calquera outra vía, con 15 días de antelación polo Presidente/a da Xunta Directiva. Na notificación deben fixarse claramente, a data, o lugar, a hora e a Orde do día.


Excepcionalmente, cando a xuízo do Presidente/a o motivo urxente que ocasione a convocatoria así o requira, poderase convocar a Xunta polos canais habituais (correo electrónico, WhatsApp, mensaxeira electrónica), con unha antelación mínima de vinte e catro horas.

Artigo 16º.- Competencias da Asemblea Xeral:


A Serán competencias da Asemblea Xeral:

- Aprobar o plan de actividades
- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- Elixir os compoñentes da Xunta Directiva mediante sufraxio libre e secreto.
- Cesar os integrantes da Xunta Directiva
- Aprobar e modificar os Estatutos da Asociación e os reglamentos de réxime interno.
- Aprobar a fixación de coutas ordinarias e extraordinarias dos socios
- Aprobar a fusión ou unión con outras organizacións ou Asociacións do sector
- Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación
- Aprobar a inclusión de novos socios.
- Ratificar a expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva
- Acordar e aprobar a disolución da Asociación.
- Designar os liquidadores
- Todas aquelas cuestións que a Xunta Directiva crea oportuno.
- Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- Elixir e nomear o Presidente/a de Honra

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



- Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- Convocar eleccións anticipadas para designación da Xunta Directiva.
- As que sendo de competencia de asemblea ordinaria, por razón de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- Todas as non conferidas expresamente a Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 17º.- Convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria:

Convocarase a Asemblea Xeral Extraordinaria con tempo suficiente para o coñecemento dos asuntos que se van tratar.

Artigo 18º.- Validación da Asemblea Xeral:

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria, ou transcorrida media hora en segunda convocatoria con calquera número de representados, pero, en todo caso, coa presenza do Presidente/a ou Vicepresidente/a e o Secretario ou persoa que o substitúa.

Enténdese o anterior sen prexuízo e deixando a salvo, aqueles casos en que os presentes Estatutos esixan maiorías cualificadas para as que a Xunta quede validamente constituída


Artigo 19º.- Da forma de chegar a acordos da Asemblea Xeral.

O funcionamento da asemblea xeral, rexerese por principios democráticos, determinándose o exercicio de voto, da forma en que se estableza no Regramento de Réxime Interno.


Poderán asistir a Asemblea, aquelas persoas que, en calidade de asesores ou técnicos, teñan interés pola boa marcha da Asociación, e fosen convocadas ou autorizadas pola Xunta Directiva, podendo emitir a súa opinión, defendela e entrar a debate, pero NON poderán participar nas votacións.

As votacións serán secretas e os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, salvo nos casos de modificación de Estatutos, disolución da Asociación, Asociación ou

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



integración con outras entidades, para o cal será necesaria a maioría de dous tercios.

A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao o/a Presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea

Na Acta farase constar como mínimo os asuntos tratados, as opinións emitidas onde non se obteña unanimidade de criterios ou así o pida o interesado, e os demais datos que poidan ser de interese para os socios.

A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Calquera socio ou representante poderá obter certificación dos acordos adoptados, certificacións estas que serán expedidas polo Secretario co Visto bo do Presidente/a.

Artigo 20º.- Do funcionamento da Asemblea Xeral:

Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados/as, incluso aos non asistentes.

As sesión abriranse cando así o determine o Presidente/a. Seguidamente procederase por parte do Secretario a lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o Secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, precedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nos Estatutos, segundo a materia de que se trate.


Artigo 21º.- Sobre os acordos da Asemblea Xeral:

Os acordos que vaian en contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos ante a Asemblea Xeral, sen prexuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.


Artigo 22º.- O/A Secretario/a e as súas funcións:

O/A Secretario/a será elixido pola Asemblea Xeral no proceso de eleccións. O cargo terá una vixencia de catro anos.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



O/A Secretario/a recibirá a tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de Asociacións e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente/a.

O/A Secretario/a tamén levará o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido para o efecto.

Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o Presidente/a/a designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 23º.- O/A Tesoureiro/a e as súas funcións:

O/A Tesoureiro/a será elixido pola Asemblea Xeral no proceso de eleccións. O cargo terá unha vixencia de catro anos.

O/A Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente/a, levará a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da Asociación así como as contas de resultados e balances.

O/A Tesoureiro/a ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario poñéndoo a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do Tesoureiro/a, o Presidente/a designará entre os vogais a un que desenvolva esta función.


Artigo 24º.- Os/As Vicepresidentes/as

Os/As Vicepresidentes/as serán elixidos pola Asemblea Xeral no proceso de eleccións. O seu cargo terá unha vixencia de catro anos.

Os/As Vicepresidentes/as terán como función principal substituír ó Presidente/a facendo as veces de este nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ata que se provea no seu cargo.

O/A Vicepresidente/a primeiro formará parte da Comisión Electoral como secretario, mentres o/a Vicepresidente/a segundo será o Presidente/a da Mesa Electoral.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Artigo 25º.- Os/As Vogais

Os/As Vogais serán elixidos pola Asemblea Xeral no proceso de eleccións. O seu cargo terá unha vixencia de catro anos.

Os/As Vogais terán as seguintes atribucións:

- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.


CAPITULO III DOS ASOCIADOS

Artigo 26º.- Poderán formar parte da Asociación Mar Seguro de Galicia.


Poderán formar parte da Asociación Mar Seguro de Galicia, todas as persoas físicas ou xurídicas, que observando as disposicións legais vixentes, voluntariamente o soliciten por escrito, acepten someterse os presentes estatutos e estén vinculados ou ligados o sector marítimo - pesqueiro en Galicia. Ademais poderán forma parte tamén seguintes entidades e persoas.

- a) A Federación Galega de Confraría de Pescadores
- b) Calquera Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Galicia.
- c) Calquera Confraría de Pescadores que pertenza a calquera Federación Provincial estea esta asociada ou non.
- d) Calquera empresa ou persoa física, que estea integrada nalgunha Confraría de Pescadores do ámbito galego, estea esta confraría asociada ou non.
- e) Calquera empresa ou agrupación que solicite o seu ingreso co permiso por escrito por parte dun Presidente/a de Federación de Confrarías ou dun Patrón Maior dunha Confraría de Pescadores do ámbito galego.
- f) Calquera asociación, fundación ou organización ligada o sector marítimo - pesqueiro de Galicia.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Os acordos de admisión de asociados/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa ou entidade que desexa ser admitida.

Artigo 27º.- Tipo e dereitos dos asociados da Asociación Mar Seguro de Galicia.

Existirán catro tipo de asociados:

a) **Asociados por representación:**

Serán todos aqueles que polo seu cargo representen a unha Federación de Confrarías de Pescadores de Galicia, tanto autonómica como provincial, ou algunha Confraría de Pescadores de Galicia. Poderán participar na Asemblea Xeral, tendo voz e cada un de eles un único voto.

b) **Asociados de número:**

Todo aquel representante dunha empresa, ou persoa física que estea incluída nos apartados c), d) e f) do artigo 26º. Poderán participar na Asemblea Xeral, tendo voz e cada un deles un único voto.

c) **Asociado Amigo:**

Toda aquela persoa física que estando agrupada nunha confraría desexe formar parte da Asociación, pague unha cota mínima, pero non sexa dona de embarcación. Esta modalidade de asociado non terá nin voz nin voto. Teñen dereito a ser informados da consecución dos obxectivos da súa achega.


d) **Asociado Protector:**

Toda entidade mercantil ou persoa física que queira facer a súa achega laboral ou económica para conseguir os obxectivos da Asociación. Non terán nin voz nin voto. Teñen dereito a ser informados da consecución dos obxectivos da súa achega.


Os asociados/as teñen os seguintes dereitos:

- Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra él e ser informado dos feitos que sexan lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso impoña a sanción.
- Impugnalos acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- No caso de Asociados de Representación e Asociados de Número, a ser electores e elixibles para calquera cargo da Xunta Directiva ou de Comisións que para fins concretos se poidan constituír, con suxeción o regulamento de réxime interior.
- Exercer a representación que en cada caso lles sexa conferida.
- Asistir as reunión da Asemblea Xeral e dos demais órganos de goberno da Asociación os que teña dereito, exercendo libremente o seu dereito a emitir a súa opinión.
- Calquera outros dereitos recoñecidos neste Estatuto e nos acordos dos Órganos de Goberno e nos Regulamentos de Réxime Interior.


Artigo 28º.- Perda de condición de asociado

A condición de asociado pérdese:


- a) Por vontade propia, cando así o solicite mediante a presentación por escrito da renuncia ante a Asociación.
- b) Por falta de pago de unha cota. Unha vez notificado ese impago causarase baixa se a cota non se fai efectiva no prazo máximo 3 meses dende que se practica a notificación.
Os socios teñen un período mínimo de permanencia de 1 ano natural, dende a data do pago da primeira cota, que será renovable ano a ano.
- c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses de Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción ou da persoa xurídica.

A expulsión de asociados/as nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será proposta pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. A expulsión deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer anta a xurisdición ordinaria.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Artigo 29º.- Obrigas e sancións dos/das asociados/as.

- a) Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a súa consecución.
- b) Pagar as cotas se establezan en cada caso.
- c) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación
- e) Acatar o contido dos estatutos
- f) Ter unha boa conducta individual e cívica, respectando a libre manifestación de opinións.
- g) Asistir a todas as Xuntas, así como a cantas reunións dos Órganos de Goberno, Comisións e demais actos corporativos, xa sexan informativos, de enquisa ou de traballo, e aos que se convoquen de acordo con estes Estatutos e os Regulamentos de Réxime Interior.

As sancións de asociados/as por incumprimento destas obrigas, serán proposta pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado, e poden ir, dende a separación temporal da Asociación, nunca por un tempo superior a un ano, ata a expulsión. Estas sancións serán propostas pola Xunta Directiva e deberán ser aprobados pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer anta a xurisdición ordinaria.

CAPITULO IV RÉXIME ECONÓMICO


Artigo 30º.- O Patrimonio:

A Asociación carece de patrimonio Fundacional. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.


Artigo 31º.- Funcionamento económico:

A asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de orzamento será elaborado polo Tesoureiro/a da Asociación, que terá que poñelo a disposición dos socios 15 días antes da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



A responsabilidade económica da Asociación deriva das súas actividades, está limitada exclusivamente o seu patrimonio, sen que poida repercutir nos seus membros, nin a ningunha outra entidade.

Terá plena autonomía para administración dos seus recursos propios, que poderán aplicar, unicamente, os seus fins e actividades.

Artigo 32º.- Mantemento económico:

A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas do/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privados ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Todos estes recursos teñen o carácter de non reintegrable ós socios.


Artigo 33º.- Aprobación de Cotas:

A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedícase a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 34º.- Elaboración de contas:

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Artigo 35º.- Disposición de fondos:

Para a disposición de fondos das contas que a Asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta de Presidente/a e do tesoureiro.

Artigo 36º.- Entidade sen ánimo de lucro:

Como entidades en ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

CAPITULO V**DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.****Artigo 37º.- Regulamento de réxime interno:**


O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como é o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VI**DO PROCEDEMENTO E DAS NORMAS ELECTORAIS.****Artigo 38º.- Convocatoria das eleccións:**

Cun mes de antelación a que remate o mandato dos órganos reitores a Xunta Directiva, a proposta da Presidencia, acordará a iniciación do proceso electoral.

Poderase de maneira excepcional convocar eleccións anticipadas por renuncia dos 2/3 da Xunta Directiva. Ou no caso de renuncia expresa de

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a se ningún dos membros restantes da Xunta Directiva accede a ocupar os cargos vacantes.

Dende ese momento os cargos de representatividade da presidencia e da Xunta Directiva serán en funcións ata que os candidatos elixidos tomen posesión dos seus cargos.

No proceso electoral elixirase:

- Un/Unha Presidente/a.
- Dous Vicepresidentes/as.
- Un/Unha Secretario/a.
- Un/Unha Tesoureiro/a.
- Catro Vogais.

Artigo 39º.- Do réxime xurídico do procedemento electoral:

O proceso de elección dos Órganos de Goberno da Asociación Mar Seguro de Galicia será o determinado nos presentes estatutos e os que se acorden nos Plans Electorais elaborados en cada mandato.

Só poderán participar nestas eleccións os asociados de número e de representación que estean ao día no pagamento das cotas.

Artigo 40º.- Da Comisión Electoral:


Cada ano electoral constituirase a Comisión Electoral, a cal estará formada por:

- a) O Presidente/a da Asociación.
- b) O Vicepresidente/a 1º da Asociación como Secretario do mesmo.
- c) Dous asociados, poden ser por representación, o de maior idade e o de menor idade existentes nese momento, e que leven mais de dun ano asociados, ou asociados de número, o de maior idade e o de menor idade existentes nese momento e que leven máis dun ano asociados.


Correspóndelle a Comisión Electoral:

- a) A execución e vixilancia do procedemento electoral ata o seu total remate.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



- b) Elaborar e proporlle a Xunta Directiva, para a súa aprobación, O Plan, as Normas e o Calendario que comprenderá todo o proceso electoral.
- c) A publicación do censo electoral, que estará exposta ao público durante o prazo de 15 días no taboleiro de anuncios da Asociación, sendo susceptible de reclamacións e impugnacións por parte dos electores sobre exclusións e inclusións, diante da comisión electoral, ata dous días hábiles anteriores á data fixada no calendario electoral para facer o sufraxio.
- d) A proclamación das candidaturas así como dos candidatos electos cun mínimo de 10 días antes do día fixado para o sufraxio.
- e) Designar os membros da Mesa Electoral e os seus suplentes.
- f) Crear as papeletas electorais.
- g) A comisión Electoral considérase disoluta rematado o proceso de eleccións dos Órganos de Goberno e unha vez resoltas cantas cuestións e reclamacións se presenten en relación con este.

Artigo 41º.- Da Mesa Electoral:

No día fixado no calendario electoral, constituirase a Mesa Electoral que estará composta por un Presidente/a que será o Vicepresidente/a 2º da Xunta Directiva saínte, e dous asociados de número ou de representación, que serán elixidos por parte da comisión electoral, 10 días antes da celebración da votación, por sorteo, entre os asociados que leven mais de un ano inscritos como socios.

Correspóndelle a Mesa Electoral:


- a) Presidir a votación, vixiar a legalidade do sufraxio, realizar o escrutinio e resolver, no seu caso, en primeira instancia os recursos e problemas que se produzan no transcurso do acto electoral.
- b) Levantar acta dos resultados e dar a coñecer a todos os asociados os mesmos.

Artigo 42º.- O proceso de votacións:

As votacións faranse de forma presencial, acreditando a identidade mediante presentación do DNI. O voto será secreto, utilizando as furnas electorais.

En caso de empate decidirase de acordo co establecido nas normas xerais vixentes en materia electoral.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Os resultados das eleccións serán proclamados publicamente e difundidos polos medios ordinarios que utilice a Asociación.

CAPITULO VII

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 43º.- Da reforma de Estatutos:

A reforma dos Estatutos poderase levar a cabo por:

- a) Petición de dous terzos dos membros da Xunta Directiva
- b) Petición da metade mais un dos integrantes da Asemblea Xeral.

O procedemento a seguir será o seguinte:

- a) Presentarse en Xunta Directiva o escrito razoado indicando o artigo ou artigos a reformar.
- b) Nun prazo máximo de 6 meses deberá ser aprobado polos dous terzos da Asemblea Xeral.
- c) Farase comunicación dos cambios ás administración pertinentes e a todos os asociados polos medios ordinarios de comunicación da Asociación.


Artigo 44º.- Disolución:

A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes a Asemblea Xeral convocada para tal efecto.

Artigo 45º.- Liquidación:

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a



Artigo 46º.- Doazón:

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma.


O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea xeral ordinaria celebrada en 8 de xullo de 2022 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

Firma Secretario/a



Firma Presidente/a

